

Sobredo

¡Galicia encadeada con ferros de Castelanismos
por fillos treizoeiros e por caciques-lobos,
no teu ceo azuado hai unha nova estrela!
¡ardente e sanguinenta, agoira os tempos novos!

¡Irmáns! ¡Erguede o berro
de amor e santidade!
¡Galicia e libertade
do Traballo e do Chan!
Son verbas de Dios mesmo
do Dios Todopotente,
¡Co suor da túa fronte
gañarás o teu pan!

¡Nai galega que diche a sangre xenerosa
para calamar a sede rabiosa da Impiedade,
nos agros de Sobredo fforeceu unha rosa!
¡Ardente e sanguinenta, agoira Libertade!

Son verbas de Dios mesmo,
do Dios Todopotente:
¡Co suor da túa fronte
gañarás o teu pan!
¡Irmáns! Erguede o berro
e o legón aferrade!
¡Galicia e Libertade
do Traballo e do Chan!

Ramón Cabanillas, *Da terra asoballada*, (Incluído o poema na 2ª Edición de 1926)

Poema de Ramón Cabanillas apareceu nun recadro, encabezado polo rótulo “Do Poeta da Raza, nas páxinas d’*A Nosa Terra*, de 15 de marzo de 1923, baixo o título “Galicia diante dos mártires de Sobredo”. Na 2ª edición de *Da terra asoballada* (1926), titulouno “Sobredo” e mudou a orde das estrofas.